



LIX CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

O Concurso-Exposición Internacional da Camelia naceu na cidade de Pontevedra, nos salóns da Deputación Provincial de Pontevedra en 1965. Este contribuíu a popularizar o cultivo desta flor e, en consecuencia, a súa comercialización e difusión en todo o mundo da camelia. Grazas ao éxito da primeira edición, o concurso adquiriu carácter anual.

Ao longo da súa historia, e tras máis de cincuenta e oito edicións, este concurso segue sendo un punto de referencia para persoas cultivadoras e afeccionadas que acoden todos os anos a participar ou unicamente a observar as últimas novidades cultivadas nas terras galegas.

Co fin de promover e difundir o evento en toda a provincia de Pontevedra, ao longo da súa historia a organización do concurso rotou entre diversas administracións locais; e en 2024 esta correspóndelle ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

O LIX Concurso-Exposición Internacional da Camelia terá lugar o 2 e o 3 de marzo na Praza da Peixería de Vilagarcía de Arousa datas nas que o cultivo da camelia se atopa no seu momento álxido.

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria do LIX Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que será organizado polo Concello de Vilagarcía de Arousa e terá lugar o 2 e o 3 de marzo de 2024.

Segunda. Premios

Establécense os seguintes premios:



a) Premio Camelia de Ouro

Para a persoa concursante que presente o conxunto cun máximo de 25 cultivares (de entre 3 e 9 flores) máis destacado en canto á calidade das flores.

A persoa gañadora da Camelia de Ouro en 2024 non poderá optar aos demais premios e será invitada a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que exporá súas flores nun lugar destacado, pero non poderá participar como concursante.

b) Premio Especial Antonio Odriozola.

Outórgaselle á flor individual máis destacada das que optan a este premio e exporase nun espazo separado. Cada concursante poderá presentar un máximo 5 cultivares, cada un deles representado por unha única flor, que deberá estar perfectamente identificada co nome da especie e o do cultivar ao que pertence.

c) Primeiro, segundo e terceiro Premio aos mellores Lotes de:

- c.1. *Camellia reticulata*, de calquera cor ou variegación
- c.2. Híbridos de *Camellia*
- c.3. Outras especies de *Camellia*

d) Primeiro e segundo Premio aos mellores Lotes de:

- d.1. *Camellia xapónica* branca
- d.2. *Camellia xapónica* rosada ou doutras cores
- d.3. *Camellia xapónica* vermella
- d.4. *Camellia xapónica* xaspeada ou variegada

Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados c) e d) deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, agás no caso das camelias doutras especies (c.3), que se poderán expoñer sen limitación



de número. No caso de empate entre varios lotes, o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas.

Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes.

e) Primeiro Premio e Segundo Premio á Mellor Presentación Artística.

Valorarase o conxunto de flores e plantas de camelia, acompañadas ou non doutros obxectos e elementos decorativos, que, a xuízo do xurado, destaquen pola súa colocación artística. Os conxuntos que opten a este premio participarán unicamente nesta categoría. A organización facilitará unha tarxeta co rótulo de “presentación artística” para que se distingan claramente.

f) Premio Especial da Sociedade Española da Camelia-SEC

Outorgaráselle á persoa concursante máis destacada de entre as que participen por primeira vez no certame de Vilagarcía de Arousa, con independencia de que se presentase en calquera outra sede do concurso.

Co obxecto de que os premios se distribúan entre un maior número de participantes, unha mesma persoa concursante non poderá obter máis de dous premios.

Terceira. Persoas destinatarias.

Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade, profesionais ou afeccionadas, nacionais ou estranxeiras, físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo estas bases.

Poderán presentarse flores de calquera especie e variedade de *Camellia*, así como calquera dos seus híbridos.

A organización habilitará un lugar separado para que as persoas cultivadoras menores de idade e as que non desexen participar no concurso poidan amosar as súas flores. Neste caso serán válidas todas as observacións indicadas nestas bases, agás as relativas ao concurso propiamente dito e aos seus premios.



Cuarta. Lugar de presentación de solicitudes

As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude **por correo electrónico** en camelia@vilagarcia.gal.

Para elo será preciso descargar previamente o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica do Concello (<https://sede.vilagarcia.gal/>) ou na web municipal www.vilagarcia.gal

Cada expositora ou expositor deberá indicar no formulario de inscrición as modalidades nas que desexe participar e elixir o espazo desexado, que será dun máximo de 4 metros.

A organización tras recibir todas as solicitudes determinará o espazo exacto asignado a cada expositora ou expositor en función do espazo dispoñible. O plano coa indicación do lugar asignado a cada concursante exporase con anterioridade nos taboleiros de anuncios do Concello.

Polo simple feito de solicitar a inscrición, as persoas participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de inscrición comezará o 31 xaneiro coa publicación das mesmas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello e portal municipal www.vilagarcia.gal e finalizará o 23 de febreiro de 2024 ás 13:00 h.

Sexta. Organización do concurso

Para facilitar o labor do xurado, o sábado 2 de marzo antes da colocación das flores, a organización daralle a cada concursante varias tarxetas cos números de lotes que participan en cada modalidade.



A organización colocará unha cartela co nome de cada participante unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de persoas premiadas.

As flores deberán instalarse e colocarse o sábado 2 de marzo na Praza da Peixería, entre as 8:30 e as 12:30 horas.

A cada participante asinarase un número e, con anterioridade a data do concurso exporase no taboleiro de anuncios da sede do Concello e no taboleiro do portal municipal o plano co lugar no que cada persoa concursante ou expositora deberá colocar os seus lotes establecido pola comisión organizadora en función da demanda e do espazo limitado dispoñible.

Independentemente da vixilancia no recinto, as persoas participantes deberán coidar dos obxectos de valor de calquera natureza que utilicen para a exposición, xa que o Concello non se fará cargo das perdas que se poidan producir.

A exposición inaugurarase o sábado 2 de marzo, ás 18:30 horas e a continuación, visitarase o espazo na que as e os concursantes exporán as flores.

Sétima. Xurado

Un xurado valorará as candidaturas e seleccionará as e os gañadores; estará composto polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa ou a persoa en quen delegue

Secretario: Funcionario público delegado polo Concello de Vilagarcía de Arousa

Vogais:

- Representante do Concello de Vilagarcía de Arousa
- Representante do Concello de Vigo
- Representante do Deputación de Pontevedra
- Especialista en deseño artístico
- Viveirista de recoñecido prestixio internacional
- Representante da Sociedade Española da Camelia



- Representante da Sociedade Internacional da Camelia
- A persoa premiada coa Camelia de Ouro no LVIII Concurso Exposición da Camelia en Vigo en 2023, Dna. Begoña Franco Paz

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e conceder mencións especiais por conceptos non sinalados nestas bases. A súa decisión será inapelable.

Oitava. Entrega de premios

A entrega de premios terá lugar o **domingo 3 de marzo, ás 12:30 horas** na propia Praza da Peixería.

O xurado queda facultado para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que se puidese producir ao longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso.

Novena. Protección de datos.

Os datos persoais recollidos neste concurso serán obxecto de tratamento polo Concello de Vilagarcía, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar as solicitudes de participación.

A lexitimación para o tratamento será o consentimento inequívoco das persoas interesadas, por este motivo non se terán en conta as solicitudes que non estean debidamente asinadas.

Décima. Competencia.

O órgano competente para aprobar estas bases será a Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Décima primeira. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa e no portal municipal www.vilagarcia.gal



Lugar de celebración:

Praza da Peixería
Rúa Avenida da Mariña, nº 5-7
36600 - Vilagarcía de Arousa
Pontevedra

Información:

Concello de Vilagarcía de Arousa
Auditorio Municipal
Av. Mariña, 27 – 2º andar
36000 Vilagarcía de Arousa

Teléfono: +34 986 502 709 Ext. 32

Correo electrónico: camelia@vilagarcia.gal



Comité de Honra

Presidenta de Honra

Raíña de España

S.M. D^a Letizia Ortíz Rocasolano

Presidente da Xunta de Galicia

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa

D. Alberto Varela Paz

Embaixador de Xapón en España

Excmo. Sr. D. NAKAMAE Takahiro

Presidente da Deputación de Pontevedra

D. Luis López Diéguez

Alcalde do Concello de Vigo

D. Abel Caballero Álvarez